



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE MARZO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00012678D.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 3 de marzo de 2023.
- Ordinaria de data 6 de marzo de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00048188B.

Instalación de ascensor e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no decreto 29/2010 no edificio de vivendas sito na rúa Amor Ruibal, 17.

Acórdase:

Primeiro.- Conceder á comunidade de propietarios Amor Ruibal 17 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado 24.10.2022 e documentación aportada o 09/01/2023, cun orzamento de execución material de 58.890,00 €, a instalación dun ascensor no edificio de vivendas situado na rúa Amor Ruibal, 17 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecta municipal de data 25/01/2023 solicitada pola comunidade de propietarios Amor Ruibal, 17 para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas situado na rúa Amor Ruibal, 17 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00047394E.

Licenza para a instalación de ascensor na rúa Cruceiro da Coruña, 58 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.

Acórdase:

Primeiro.- Conceder á comunidade de propietarios Cruceiro da Coruña 58 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 31/05/2022 e a documentación presentada o 03/01/2023, cun orzamento de execución material de 64.980,22 €, a instalación de ascensor no edificio situado na rúa Cruceiro da Coruña, 58 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 25/01/2023 solicitada pola comunidade de propietarios Cruceiro da Coruña 58 para a instalación de ascensor no edificio situado na rúa Cruceiro da Coruña, 58 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041599G.

Licenza para a rehabilitación de cuberta da edificación principal, demolición de edificación auxiliar existente e construción de nova edificación auxiliar na rúa de San Lourenzo, 48.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 11/05/2022, cun orzamento de execución material de 38.437,00 €, a rehabilitación de cuberta da edificación principal, demolición de edificación auxiliar existente e construción de nova edificación auxiliar na rúa de San Lorenzo, 48 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00010649N.

Licenza para a rehabilitación e ampliación de edificio para dúas vivendas situado na rúa Pitelos, 7.

Acórdase:

Primeiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 15/06/2021, cun orzamento de execución material de 143.125,63 euros, a rehabilitación e ampliación de edificio para dúas vivendas situado na rúa Pitelos 7 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 12/05/2022 para a a rehabilitación e ampliación de edificio para dúas vivendas situado na rúa Pitelos 7 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/700/2011.

Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico de construción dun edificio de 28 vivendas, 9 oficinas e garaxes na parcela sita entre a rúa Cruceiro de Sar e a rúa Calzada de Sar.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 24/11/2022, outorgada ante notario co número de protocolo 1.557. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder a Inmobiliaria Paxonal SL licenza para o proxecto básico modificado 3 presentado o 15/11/2022 e a documentación complementaria presentada o 15/12/2022, 20 e 27/01/2023, cun orzamento de execución material de 2.539.063,85 €.

O proxecto básico refírese á construción dun edificio de 28 vivendas, 9 oficinas e garaxes na parcela situada entre a rúa do Cruceiro do Sar e a rúa da Calzada do Sar, Santiago de Compostela (A Coruña).

Advírteselle o interesado que non poderá iniciar as obras ata que sexa informado favorablemente e se autorize expresamente o Proxecto de Execución que desenvolva o Proxecto Básico aprobado.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021471R.

Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Pedrido, 37B.

Acórdase

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 13/10/2022, outorgada ante notario co número de protocolo 2179.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 28.04.2021 e documentación presentada o 03/03/2022, 12/11/2022, 12.e 13/12/2022 e 30/01/2023, cun orzamento de execución

material de 187.704,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lg de Pedrido 37B Santiago de Compostela (A Coruña).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033210X.

Adxudicación da execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior.

Acórdase:

1. Adxudicar o contrato que ten por obxecto a execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior á empresa SOCIVI TÉCNICO SLU por un importe total de **111.374,69 euros** (Base imponible: 92.045,20 euros, IVE do 21%: 19.329,49 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

A empresa adxudicataria oferta como melloras:

- Unha ampliación do prazo de garantía das obras por un período de 4 anos, sobre o mínimo establecido no prego.

- Un aumento do orzamento de control de calidade dun 1% sobre o 1% obrigatorio.

- Un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun 1% sobre o proxectado

2. Comprometer o gasto con cargo á aplicación 050 33403 6230000 (Código proxecto: 2021 2 INCSC 18 1 MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAS) conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2023: 111.374,69 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035771H.

Autorización da ampliación do prazo de execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP).

Autorízase a ampliación do prazo de execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" adxudicado a PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, en **48 días naturais** de acordo coa petición da empresa de inserción laboral contratista da obra e os informes da dirección facultativa e da arquitecta municipal.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033167J.

Denegación da ampliación do prazo de execución do contrato de "Execución das obras definidas no proxecto denominado "Rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" (Acondicionamento Interior)", e ordenar que se continúe coa execución das obras ata a súa finalización sen prexuízo da tramitación dun expediente de imposición de penalidades por demora imputable ao contratista na execución do contrato, nos termos establecidos no PCAP e no artigo 193 da LCSP.

Acórdase:

Primeiro: Denegar a ampliación do prazo de execución do contrato de Execución das obras definidas no proxecto denominado "Rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" (Acondicionamento Interior)" solicitada por ESQUEIRO, S.L ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP por non concorrer as causas de inimputabilidade que exige o dito artigo respecto da actuación do contratista.

Segundo: Ordenar que se continúe coa execución das obras ata a súa finalización sen prexuízo da tramitación dun expediente de imposición de penalidades por demora imputable ao contratista na execución do contrato nos termos establecidos no PCAP e no artigo 193 da LCSP.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00056418F.

Aprobación do expediente de contratación “Obras de reurbanización da rúa García Lorca”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Obras de Reurbanización da rúa García Lorca*, cun orzamento base de licitación de **1.052.134,35 €** (orzamento de execución: 869.532,52 € máis IVE do 21% por importe de 182.601,83 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 1.052.134,35 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000 (código de proxecto 2018 2 PVITE 46), coa seguinte desagregación anual:

2023: 263.054,00 €

2024: 526.026,35 €

2025: 263.054,00 €

TOTAL: 1.052.134,35 €

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009285K.

Aprobación do expediente de contratación dos servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021*, cun orzamento base de licitación desagregado do seguinte xeito:

Orzamento base licitación (S/IVE)

Lote I: 89.270,00 €

Lote II: 71.303,00 € Lote

III: 13.718,06 € TOTAL:

174.291,06 €

Orzamento base de licitación C/IVE

Lote I: 108.016,07 €

Lote II: 86.276,63 € Lote

III: 16.598,85 € TOTAL:

210.892,18 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de **210.892,18 €** que se imputará á aplicación orzamentaria 030 43300 2269900 (código de proxecto: 2018 3 EDUSI 3 Faino Ti).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

13. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00045930F.

Corrección de erros no acordo da sesión de 16.1.23, de aboamento de gastos de defensa e representación de Gerardo Jesús Conde Roa

Acórdase:

ONDE DI:

“PROPOSTA

(...)”

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (33.327,93 €), dos cales corresponde ao IVE a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.784,19 €), a aboar ao letrado...

(...)"

DEBE DICIR:

"PROPOSTA

(...)"

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.327,66 €), dos cales corresponde ao IVE a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.784,19 €), a aboar ao letrado...

(...)"

ONDE DI:

"A Xunta de Goberno Local acorda:

(...)"

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (33.327,93 €), dos cales corresponde ao IVE a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.784,19 €), a aboar ao letrado ...

(...)"

DEBE DICIR:

"A Xunta de Goberno Local acorda:

(...)"

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.327,66 €), dos cales corresponde ao IVE a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.784,19 €), a aboar ao letrado...

(...)"

14. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00003276S.

Dar conta da sinatura do convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2022

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00012315Z.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 098/2019 CA1.

Dase conta da Sentenza nº 007/2023. PA 098/2019 CA1

Obxecto: liquidación plusvalía; contía 15.862,20€.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

No momento de presentarse os escritos de demanda, contestación e conclusión estaban vixentes os preceptos do TRLRFL que regulan este tributo; polo que o argumento do demandante, cuestionado polo Concello, era a ausencia de incremento de valor que xustificase a liquidación recorrida. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de Tesourería – Xestión para a súa execución.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00012316S.

Dación de conta da sentenza ditada no recurso de apelación 4286/2022 TSXG-PO 21/2020 CA2.

Dase conta da Sentenza nº 094/2023. AP 4286/2022 TSX , PO 021/2020 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por non execución do polígono SUNP-38 de Formarís. Contía: 77.772,84 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en casación.

A reclamación tiña o mesmo obxecto e fundamento que as resoltas polos Xulgados 1 e 2 de Santiago, en relación coa paralización do SUNP-38 Formarís: dano emerxente, polas cotas de urbanización pagadas, sen resultados; lucro cesante, pola falta de dispoñibilidade dos terreos aínda non urbanizados; e o IBI satisfeito como urbano, cando as parcelas seguen sendo rústicas. A Sala estima parcialmente o recurso de apelación, na mesma liña ca exposta na AP 4055/2022, que tiña como recorrente a PROCESOS EDIFICATORIOS SL, reiterada na AP 4284/2022: rexeita todas as pretensións das apelantes, agás no referido á reclamación do IBI. Pero tendo en conta a procedencia do tributo como rústico, resolve que o importe a devolver (a diferenza entre o urbano recadado e o rústico por liquidar) sexa fixado en execución de sentenza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación contra a mesma.

17. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00012678D.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 3 ao 9 de marzo de 2023.